



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E A
“ASOCIACIÓN ESPAÑA CON ACNUR (COMITÉ ESPAÑOL DEL ACNUR)
AGENCIA DE NACIONES UNIDAS PARA LOS REFUGIADOS” PARA A
EXECUCIÓN DO PROXECTO “ACCESO A AGUA POTABLE PARA OS/AS
REFUXIADOS/AS SUDANESES NO ESTE DO CHAD”**

(1) A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais a acción humanitaria e de emerxencia e o apoio ás persoas refuxiadas.

(2) Antecedentes:

No ano 2008 asinouse coa Asociación España con ACNUR, Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados, un Acordo marco de colaboración a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG), para levar a cabo proxectos de axuda humanitaria en apoio ás persoas refuxiadas. Nese mesmo ano asinouse a primeira addenda ao Acordo Marco por valor de 50.000 € para actuacións no Chad.

Nos anos 2009 e 2010 asináronse dúas novas addendas para a prestación de axuda de emerxencia ás persoas desprazadas internamente en Somalia e para a poboación refuxiada en Uganda, por importe de 60.000 € e 50.000 €, respectivamente.

No 2011, trala extinción da FAHG, asinouse un convenio de colaboración a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE por importe de 25.000 € para o apoio aos refuxiados no leste do Chad, ao que se lle deu continuidade no 2012, asinando un novo convenio de 25.000 € para contribuír a paliar a emerxencia nutricional nos campos de refuxiados de Dadaab, en Kenya. No 2013 asinouse un novo convenio para paliar as



consecuencias do conflito sirio por 10.000 €, e no 2014 asinouse un convenio que como o actual, deu acceso a auga potable as persoas refuxiadas sudanesas no leste do Chad. En resumo, o importe das achegas da Xunta de Galicia a actuacións de acción humanitaria a través da Asociación España con ACNUR no período 2008-2014 ascende a 240.000 €.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á asistencia humanitaria á poboación sudanesa no Chad, asinouse co comité español do ACNUR un convenio co data 5 de abril de 2016 e por un período de vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

(4) O convenio ten por **obxecto** mellorar as condicións de vida da poboación refuxiada sudanesa nos campos do Este do Chad, concretamente nos campos de Iridimi e Touloum, garantindo o acceso a auga potable a 40.040 refuxiados/as, segundo estándares internacionais.

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de atención ás persoas refuxiadas, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a natureza específica da entidade destinataria así como a súa urxente posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiou o proxecto cunha achega total de 20.000 € (vinte mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

A subdirectora xeral de Cooperación Exterior

Pilar Romero Rodríguez

